



Valdoviño



VALDOVIÑO

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000033

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e dez minutos do día un de outubro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 535 de data 30 de setembro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 24.09.24 (EXTRAORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 24.09.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.-APROBACIÓN DA DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA ASOCIADA ASOCIADA Á OBRA DE DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN MONTEFARO E VILABOA.-**

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA**

**Asunto** Devolución da garantía definitiva asociada á obra de dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa

**Expediente** 2024/X002/000003  
(Expediente Obra 2020/C003/000004)

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014

A este efecto, determina o apartado 27) do Prego de prescricións técnicas referido a obra de **dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa** que (...) o *prazo de garantía terá unha duración dun ano a contar dende a recepción das obras.*

Examinado o expediente 2020/C003/000004 consta Acta de recepción da obra de **dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa** asinada en data 07-09-2022.

Ao abeiro do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 a Directora facultativa da obra redactou informe favorable respecto ao estado da obra de **dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa** en data 28-08-2024.

*Consultada a contabilidade do Concello de Valdoviño, consta aval depositado por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. con C.I.F. núm. A15352735 ante a Tesourería municipal con número de operación 320210000071 para responder das obrigas establecidas no artigo 110 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público respecto á obra de DOTACIÓN E MELLORA EN LOCAIS DE USOS MÚLTIPLES EN MONTEFARO E VILABOA por importe de MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.832,92 €), según consta no informe emitido pola Tesourería accidental en data 20-08-2024.*

Visto canto antecede, conforme o enunciado no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN**

**Primeiro.-** Devolver a garantía asociada a obra de **dotación e mellora en locais de usos múltiples en Montefaro e Vilaboa** , con código de expediente 2020.2000.0173.0 da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan Único de Concellos), anualidade 2020 da Excma. Deputación de A Coruña con referencia contable 320210000071 que consta a nome de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. con C.I.F. núm. A15352735 para responder das obrigas establecidas no artigo 110 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público respecto á referida obra por importe de MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.832,92 €).

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/X002/000005).**

**3º.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DE ESCUELA INFANTIL SITUADA EN RÚA ENSINO S/N.-**

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

Expte.: 2024/C003/000008

Obra: Escuela infantil situada en Rúa Ensino, s/n

Aprobado o expediente de contratación de: “*Escuela infantil situada en Rúa Ensino, s/n*” cofinanciado con fondos do plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea –Nexte GenerationEU (PRTR).

Consta a documentación técnica elaborado polo Montero Parapar Arquitectos, S. L. P. cun importe total de 611.313,83 € (IVE incluído); IVE 106.095,79 euros; prezo sen IVE (505.218,04 €).

Licitación: procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado en data 22 de agosto de 2024 a Mesa de contratación en sesión de data 23 de setembro de 2024 aperturou e examinou a documentación do sobre A e ao non terse presentado ningún licitador ao procedemento de contratación formulou proposta de declaración de deserta a licitación motivada porque ningún licitador presentou proposta no procedemento de contratación indicado.

Visto o exposto anteriormente e a proposta da Mesa de contratación de data 23 de setembro de 2024, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento de contratación de *Escuela Infantil situada en Rúa Ensino, s/n* motivado porque ningún licitador presentou oferta ao devandito procedemento de contratación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

**Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000008).**

#### **4º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

##### **A.- Licenza primeira ocupación.-**

##### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

Expte.18/2008.- [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en Lugar Riaña, 41, 15.550, Parroquia de Meirás. Concello de Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 295/2002, con licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/01/2003.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 26/09/2024 no que conclúe que o edificio executado reúne as condición establecidas para destinalo ao uso previsto e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder aos peticionarios [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en Lugar Riaña, 41, 15.550, Parroquia de Meirás, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

**Segundo.-** Practicaraselle a liquidación da taxa por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de 37,60 euros, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 25/09/2024.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U007/000006).**

**B.- Licenza de obra maior.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

**Expte: 38/2024 Tedec 2024/U022/000002**

**.- Expte. de obras 38/2024-** [REDACTED] **representado por** [REDACTED] **solicita** licenza para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no lugar de **A Riva, 3 (referencia catastral nº. 15088A020004070000HD).**

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar achegado o 11/01/2024 e redactado polo arquitecto D. Emilio Cortés Varela.
- Proxecto Básico Modificado de vivenda unifamiliar achegado o 14/07/2024, redactado polo mesmo arquitecto e que substitúe ao anterior..

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA e SOLO NON URBANIZABLE (Común).**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 27/09/2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 30/09/2024 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] representado por [REDACTED] **Varela, solicita** licenza para as obras de **construcción de vivienda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no lugar de **A Riva, 3 (referencia catastral nº. 15088A020004070000HD)**.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto D. Emilio Cortés Varela e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 27 de setembro de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 709,40 €.****ICIO.- 3.263,24 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros (abstense da votación a concelleira Tamara Sabín Caamaño por motivos persoais), acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U022/000002).**

#### **Fora da orde do día**

Apróbase en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión a inclusión do asunto fora da orde do día en aras de axilizar a súa tramitación.

**.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/28 .-**

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

## APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/28

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/28 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 7 facturas ascende á cantidade de CENTO DOUS MIL TRESCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (102.353,38 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2024/28 por importe bruto de 102.353,38 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) ”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/X999/000147).**

### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*